



Aclaracións Resultados I Campionato Galego de orientación deportiva

Primeiramente agradecer a colaboración de Javier Arufe e Ricardo Figueroa na depuración dos datos do evento que posibilitou a obtención de resultados finais.

A realización deste campionato supoñía varios retos respecto a probas realizadas con anterioridade dentro do marco da orientación, as propias de unir nunha mesma proba, un score a pé, unha proba de orientación en bicicleta e outra de o pé lineal, facendo unha saída en masa na que existiran gran cantidade de variantes que fixeran a proba atractiva dende o punto de vista da técnica da orientación. Dentro deste reto estaba adaptar o sistema de cronometraxe sportident a esta disciplina, en especial mesturar unha proba score con dúas en liña.

Esto que xa se fixera en outras probas de liga galega con anterioridade neste caso foi o que deu problemas á hora de obter os resultados. O programa debe configurarse indicando que a partir dun punto (neste caso era a baliza 100) se cambia de proba score a proba en liña, e así se configurou a proba. Pero na práctica ao resultar que o punto 100 se fichaba ao final de cada etapa, (tres veces) fixo que o programa non funcionara correctamente dando dous problemas, daba a todos os participantes como con erro, pero ademais non daba todas as balizas fichadas realmente, e nos resultados que obtivemos faltaban moitas balizas.

Esta última situación, e dado a complexidade da proba, con 57 puntos de control e 37 variantes, fixo que no momento da proba fora moi complicado obter os resultados finais con fiabilidade, ao non aparecer as balizas reais fichadas por cada participante, nos resultados impresos á chegada, o programa omitía balizas fichadas. Non obstante estas balizas si estaban gardadas . Unha vez configurado de novo e resolto a posteriori este problema xa podemos sacar unhas clasificacións reais nas que existen algunhas variacións respecto aos resultados dados na proba e que esperamos a dar por definitivos en breve.

Agradecemos a paciencia da maioría dos participantes con estes imprevistos, esperando que estas situacións sirvan de aprendizaxe para futuras probas, tanto para o noso club, como para outros organizadores.